

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4908 *Lei 6/2010, do 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A necesidade de adaptar a avaliación de impacto ambiental dentro dun marco temporal preciso e determinado, que faga que este instrumento de preservación dos recursos naturais e defensa do ambiente sexa un medio máis eficaz para atender tanto as exixencias que a actividade económica precisa, con trámites administrativos áxiles, como a necesidade de incrementar a transparencia das actuacións en que interveñen distintos órganos administrativos, fan preciso realizar uns axustes normativos no texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro (TRLEIAP).

Co fin de contribuír ao desenvolvemento sustentable da actividade económica do país, a introdución da variable ambiental na toma de decisións debe ser compatible cunha maior eficacia na realización da avaliación ambiental, baseada na claridade do procedemento e na corresponsabilidade de todos os axentes que interveñen nel. Sen perder de vista que a avaliación ambiental se veu manifestando como a forma máis eficaz para previr e evitar a deterioración do ambiente, faise necesario que aquela se adapte e axuste a un marco temporal determinado, para que sexa un instrumento facilitador da actividade económica e social dunha sociedade preocupada por que todos os efectos ambientais derivados da actividade proxectada sexan tidos en conta para permitir a súa adecuada ponderación.

As actuacións que comprende a avaliación de impacto ambiental de proxectos delimitáanse clara e concretamente en fases no artigo 5.

As modificacións introducidas nos artigos 6.2, 7.3, 10.2, 12.2 e 16.2 dirixense, por unha banda, a precisar as fases en que se concretan as actuacións que se deben realizar na avaliación ambiental e, por outra banda, a reducir e adecuar o prazo para a execución do procedemento, adaptándoo ás exixencias que unha sociedade moderna e dinámica demanda. Determinábase o efecto do incumprimento do prazo e identifícase o autor ou autores do estudo de impacto ambiental ou da documentación ambiental necesaria para a tramitación de proxectos comprendidos no anexo II e daqueles non incluídos no anexo I que poidan afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000. O artigo 15 aclara o medio e determina o prazo en que debe realizarse a publicidade do proxecto.

Por outra parte, a liberalización no sector dos servizos a que responde a Directiva 123/2006/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior, implica un cambio de orientación no réxime de intervención administrativa, mediante a supresión dun gran número de autorizacións administrativas, que son substituídas por unha comunicación ou declaración responsable do prestador pola que manifesta cumprir todos os requisitos legais a que se condiciona o exercicio da actividade.

A disposición adicional quinta da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, establece unha cláusula de salvagarda da necesidade de declaración de impacto ambiental daqueles proxectos de actividades ou obras que, en virtude da citada lei, deixan de quedar sometidos ao réxime de autorización administrativa e sinala que a dita declaración da avaliación de impacto ambiental deberá ser previa á presentación da declaración responsable substitutiva da autorización. Ademais, debe disporse da documentación que así o acredite.

Por este motivo, resulta preciso introducir as adaptacións nesta lei que permitan identificar a administración substantiva que asumirá as competencias e facultades legais na tramitación da declaración de impacto ambiental nos proxectos obxecto de declaración de impacto ambiental non sometidos a autorización ou aprobación administrativa. Procédese desta forma a dar unha nova definición de órgano substantivo incluíndo, nos procedementos sometidos a comunicación ou declaración responsable, o órgano da administración ante a cal deba presentarse a dita comunicación ou declaración.

Por último, incorpóranse dúas disposicións transitorias que delimitan de forma precisa a aplicación temporal e material da lei. A primeira refírese ao réxime aplicable aos expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei. A segunda declara a subsistencia por tres anos, desde a entrada en vigor desta lei, das declaracións de impacto ambiental que foron emitidas con anterioridade á entrada en vigor da disposición derradeira primeira da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas sobre o ambiente.

Esta lei afecta unicamente a avaliación de impacto ambiental no ámbito da Administración xeral do Estado, polo que non ten carácter básico, salvo os seguintes aspectos, que constitúen lexislación básica en materia de protección do ambiente ditada ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución: a definición do órgano substantivo do artigo 2.2 do TRLEIAP (modificado polo número un do artigo único) e os proxectos sometidos a comunicación ou declaración responsable do artigo 18 bis (engadido no número dez do artigo único), que se introducen en concordancia co disposto na disposición adicional quinta da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; e a nova redacción que se lle dá ao número 1 do artigo 5 do TRLEIAP, no número dous do artigo único, co único obxecto de reflectir no dito número, como parte da avaliación de impacto ambiental, a declaración emitida polo órgano ambiental que figuraba como número 2 dese artigo. Respecto das modificacións introducidas nas letras a) e c) do artigo 9.2 do TRLEIAP, estas non teñen carácter básico, aínda que por razóns de sistemática se reproduciron os números 1 e 2 do artigo 9 na súa totalidade, os cales, loxicamente, manteñen o seu carácter básico. Así queda precisado na nova redacción da disposición derradeira primeira do TRLEIAP, á que se dedica o número trece do artigo único.

Artigo único. *Modificación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.*

O texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Órgano substantivo: aquel órgano da Administración pública estatal, autonómica ou local competente para autorizar, para aprobar ou, de ser o caso, para controlar a actividade a través da declaración responsable ou comunicación dos proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental.

Cando un proxecto se vexa afectado por diversos conceptos que precisen autorización, aprobación ou, de ser o caso, control da actividade e que deban ser outorgados ou exercidos por distintos órganos da Administración pública estatal,

autonómica ou local, considerarase órgano substantivo aquel que teña as competencias sobre a actividade a cuxa finalidade se orienta o proxecto, con prioridade sobre os órganos que teñan competencias sobre actividades instrumentais ou complementarias verbo daquelas.»

Dous. O artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«1. A avaliación de impacto ambiental de proxectos comprenderá as seguintes actuacións:

a) Solicitude polo promotor ante o órgano substantivo de sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental, acompañada do documento inicial do proxecto.

b) Determinación do alcance do estudo de impacto ambiental polo órgano ambiental, logo de consulta ás administracións públicas afectadas e, de ser o caso, ás persoas interesadas.

c) Elaboración do estudo de impacto ambiental polo promotor do proxecto.

d) Realización do trámite de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e a persoas interesadas, por parte do órgano substantivo.

e) Declaración de impacto ambiental emitida polo órgano ambiental, que se fará pública e finalizará a avaliación.

2. A avaliación de impacto ambiental de proxectos na Administración xeral do Estado realizarase nas seguintes fases de actuación:

– Fase 1: determinación do alcance do estudo de impacto ambiental. Comprenderá as actuacións descritas no número 1, letras a) e b).

– Fase 2: estudo de impacto ambiental, información pública e consultas. Comprenderá as actuacións descritas no número 1, letras c) e d).

– Fase 3: declaración de impacto ambiental. Comprenderá a actuación descrita no número 1, letra e).

3. A avaliación de impacto ambiental comprenderá a totalidade do proxecto e non só as avaliacións de impacto ambiental parciais de cada fase ou parte do proxecto.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 6 e engádesse un número 3, coa seguinte redacción:

«2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, ou ser comunicados ou obxecto de declaración responsable a esta, a presentación ante o órgano substantivo da solicitude e a documentación a que se refire o punto anterior inicia a fase 1 («Determinación do alcance do estudo de impacto ambiental») das actuacións enumeradas no artigo 5.2.

O órgano substantivo, unha vez mostrada a súa conformidade formalmente cos documentos aos que se refire o punto anterior, deberá envalos ao órgano ambiental para os efectos do disposto no artigo 5.1.b).

3. O documento inicial do proxecto deberá identificar o seu autor ou autores mediante nome, apelidos, titulación e documento nacional de identidade.»

Catro. Engádesse dous números, 3 e 4, ao artigo 7, coa seguinte redacción:

«3. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, ou ser comunicados ou obxecto de declaración responsable a esta, a notificación efectuada polo órgano ambiental sobre o alcance e o nivel de detalle do estudo de impacto ambiental e sobre as contestacións formuladas ás consultas efectuadas, inicia a fase 2 («Estudo de impacto ambiental, información pública e consultas») das actuacións enumeradas no artigo 5.2.

4. O estudo de impacto ambiental dos proxectos sometidos á avaliación de impacto ambiental da Administración xeral do Estado deberá identificar o seu autor ou autores mediante nome, apelidos, titulación e documento nacional de identidade.»

Cinco. Os números 1 e 2 do artigo 9 substitúense polos seguintes:

«1. O órgano substantivo someterá o estudo de impacto ambiental a que se refire o artigo 7, dentro do procedemento aplicable para a autorización ou realización do proxecto a que corresponda, e conxuntamente con este, ao trámite de información pública e demais informes que nel se establezan. O dito trámite realizarase naquelas fases do procedemento en que estean aínda abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, a extensión e a definición do proxecto suxeito a autorización e sometido a avaliación de impacto ambiental, e terá unha duración non inferior a 30 días.

Este trámite de información pública tamén deberá ser cumprido polo órgano substantivo en relación cos proxectos que requiran a autorización ambiental integrada, segundo o disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, cando se trate de proxectos de competencia da Administración xeral do Estado sometidos a declaración responsable ou comunicación, incumbirá ao órgano substantivo a realización do trámite de información pública e os demais previstos neste artigo.

2. Durante a realización do trámite de información pública, o órgano substantivo informará o público dos aspectos relevantes relacionados co procedemento de autorización do proxecto e, en concreto, dos seguintes aspectos:

a) A solicitude de autorización do proxecto ou, no caso de proxectos de competencia da Administración xeral do Estado sometidos a declaración responsable ou comunicación, a solicitude de declaración de impacto ambiental.

b) O feito de que o proxecto estea suxeito a un procedemento de avaliación de impacto ambiental, así como de que, de ser o caso, pode resultar de aplicación o previsto no artigo 11 en materia de consultas transfronteirizas.

c) Identificación do órgano competente para resolver o procedemento ou, no caso de proxectos de competencia da Administración xeral do Estado sometidos a declaración responsable ou comunicación, identificación do órgano ante o cal deba presentarse a mencionada declaración ou comunicación, a identificación daqueles dos que poida obterse información pertinente e daqueles aos que poidan presentarse observacións, alegacións e consultas, así como do prazo dispoñible para a súa presentación.

d) Natureza das decisións ou, de ser o caso, dos borradores ou proxecto de decisións que se vaian adoptar.

e) Indicación da dispoñibilidade da información recollida consonte o artigo 7 e da data e do lugar ou lugares en que se porá á disposición do público tal información.

f) Identificación das modalidades de participación.»

Seis. O número 2 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, ou ser comunicados ou obxecto de declaración responsable a esta, o prazo para a realización do conxunto das actuacións da fase 2 («Estudo de impacto ambiental, información pública e consultas») a que se refire o artigo 5.2 non poderá exceder de dezoito meses, contados desde que o promotor reciba a notificación sobre a determinación do alcance do estudo de impacto ambiental, de acordo co disposto no artigo 8.

Se, transcorrido o dito prazo, o órgano ambiental non recibiu o estudo de impacto ambiental, o documento técnico do proxecto e o resultado da información pública por causas imputables unicamente ao promotor apreciadas polo órgano ambiental, procederá a archivar o expediente.

Se as causas foren imputables unicamente ao órgano substantivo ou conxuntamente a este e ao promotor, o órgano ambiental resolverá motivadamente, de oficio ou por petición do órgano substantivo, se procede o arquivo do expediente ou a ampliación do prazo até un máximo de nove meses.»

Sete. O número 2 do artigo 12 queda redactado da seguinte forma:

«2. Os prazos para remitir o expediente ao órgano ambiental e para formular a declaración de impacto ambiental serán fixados pola comunidade autónoma, sen que estes poidan ter un teito máximo para a realización da fase 2 inferior a 18 meses.

Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, ou ser comunicados ou obxecto de declaración responsable a esta, a remisión do expediente ao órgano ambiental, que deberá producirse dentro do prazo establecido no artigo 10.2, inicia a fase 3 («Declaración de impacto ambiental») das actuacións enumeradas no artigo 5.2.

O órgano ambiental disporá dun prazo máximo de tres meses para formular a declaración de impacto ambiental, contados a partir da recepción do expediente completo, segundo o disposto no artigo 10.2. A recepción do expediente por parte do órgano ambiental será notificada polo dito órgano ao promotor nun prazo de quince días desde a súa recepción, sen prexuízo da súa publicación na páxina web do órgano ambiental.»

Oito. Engádese un número 3 no artigo 15, coa seguinte redacción:

«3. As decisións sobre a autorización ou aprobación dos proxectos ou, de ser o caso, as que deriven de proxectos sometidos a comunicación ou declaración responsable de competencia da Administración xeral do Estado, serán remitidas no prazo de quince días desde a súa adopción polo órgano substantivo para a súa posterior publicación en extracto no Boletín Oficial del Estado.»

Nove. Os números 1 e 2 do artigo 16 quedan redactados da seguinte forma:

«1. A persoa física ou xurídica, pública ou privada, que se propoña realizar un proxecto dos comprendidos no anexo II, ou un proxecto non incluído no anexo I, e que poida afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000, solicitará do órgano que determine cada comunidade autónoma que se pronuncie sobre a necesidade ou non de que o dito proxecto se someta a avaliación de impacto ambiental, de acordo cos criterios establecidos no anexo III. A dita solicitude irá acompañada dun documento ambiental do proxecto con, polo menos, o seguinte contido:

- a) A definición, características e localización do proxecto.
- b) As principais alternativas estudadas.
- c) Unha análise de impactos potenciais no ambiente.
- d) As medidas preventivas, correctoras ou compensatorias para a adecuada protección do ambiente.
- e) A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.

O documento ambiental deberá identificar o seu autor ou autores mediante nome, apelidos, titulación e documento nacional de identidade.

2. Nos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado, ou ser comunicados ou obxecto de declaración responsable a

esta, a solicitude e a documentación a que se refire o punto anterior presentaranse ante o órgano substantivo. O documento ambiental deberá identificar o seu autor ou autores mediante nome, apelidos, titulación e documento nacional de identidade.

O órgano substantivo, unha vez mostrada a súa conformidade cos documentos a que se refire o punto anterior, enviaraos ao órgano ambiental co obxecto de que este se pronuncie sobre a necesidade ou non de iniciar o trámite de avaliación de impacto ambiental.»

Dez. Engádese un artigo 18 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 18 bis. *Proxectos sometidos a comunicación ou declaración responsable.*

Cando, de acordo coa lei, se exixa unha declaración responsable ou unha comunicación para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio e unha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable ou a comunicación non poderá presentarse até que se leve a cabo a dita avaliación de impacto ambiental e, en todo caso, deberá disporse da documentación que así o acredite, así como da publicación no xornal ou boletín oficial correspondente da pertinente resolución.

Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a declaración responsable ou a comunicación relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de impacto ambiental ou na resolución de non sometemento a avaliación de impacto ambiental.»

Once. Engádese un novo parágrafo á disposición adicional primeira co seguinte texto:

«No suposto de centros penitenciarios, o Consello de Ministros ou o órgano correspondente da comunidade autónoma, cando esta exerza competencias en materia de execución da lexislación penal, conforme o disposto na disposición adicional segunda desta lei, determinarán caso a caso se corresponde a exclusión do trámite de avaliación ambiental por motivos de seguranza.»

Doce. Engádese unha disposición adicional sexta no texto refundido, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Adecuación normativa.*

En todas as ocasións en que o texto refundido se refire ao órgano da Administración xeral do Estado competente para a aprobación ou autorización do proxecto, entenderase por extensión incluído o competente para controlar a actividade a través da comunicación ou declaración responsable.»

Trece. O número 2 da disposición derradeira primeira queda redactado da seguinte forma:

«2. Non son básicos e só serán de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos os seguintes preceptos:

- a) os números 1 e 3 do artigo 4,
- b) o artigo 5.2,
- c) o artigo 6.2,
- d) o artigo 7, números 3 e 4,
- e) o artigo 8.3,
- f) o parágrafo terceiro do artigo 9.1,
- g) as referencias aos proxectos de competencia da Administración xeral do Estado contidos no artigo 9.2, letras a) e c),
- h) o artigo 10.2,
- i) os parágrafos segundo e terceiro do artigo 12.2,
- j) o parágrafo segundo do artigo 12.3,

- k) o parágrafo segundo do artigo 14.1,
- l) os parágrafos segundo e terceiro do artigo 14.2,
- m) o artigo 15.3,
- n) o artigo 16.2,
- o) o artigo 17.1, último parágrafo,
- p) o artigo 19.2,
- q) o artigo 22,
- r) a disposición adicional terceira,
- s) os números 2 e 3 da disposición adicional cuarta,
- t) a disposición adicional sexta,
- u) o parágrafo segundo do número 1 da disposición derradeira segunda.»

Catorce. Engádesse un parágrafo segundo ao número 1 da disposición derradeira segunda coa seguinte redacción:

«En particular, autorízase o Goberno para regular mediante real decreto os requisitos adicionais e a metodoloxía que deba utilizarse na avaliación de impacto ambiental dos proxectos de competencia da Administración xeral do Estado que poidan afectar de forma apreciable os espazos protexidos da Rede Natura 2000, de acordo co establecido nesta lei e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.»

Quince. Engádesse unha disposición derradeira terceira coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 85/337/CEE, do Consello, do 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.»

Disposición transitoria primeira. *Expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

Os expedientes de avaliación de impacto ambiental iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes se iniciaron se a solicitude de avaliación, acompañada do documento inicial do proxecto, recibiu a conformidade do órgano substantivo, de acordo co establecido no artigo 6.2 do texto refundido da Lei de avaliación do impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

Disposición transitoria segunda. *Caducidade das declaracións de impacto ambiental de proxectos, formuladas pola Administración xeral do Estado, anteriores á entrada en vigor da disposición derradeira primeira da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.*

As declaracións de impacto ambiental de proxectos formuladas pola Administración xeral de Estado con anterioridade á entrada en vigor da disposición derradeira primeira da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, manterán a súa validez durante un prazo de tres anos contados a partir da entrada en vigor desta lei, sempre que cumpran os requisitos previstos nesta disposición transitoria. Non obstante, con carácter previo á execución dos ditos proxectos, o órgano substantivo deberá solicitar informe do órgano ambiental relativo a se se produciron cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación de impacto ambiental. O prazo máximo de emisión e notificación do informe polo órgano ambiental será de sesenta días. Transcorrido ese prazo sen que se emitise o citado informe, poderase entender vixente a declaración de impacto ambiental formulada no seu día.

Transcorrido o prazo de tres anos establecido nesta disposición sen que comezase a execución do proxecto, será de aplicación o disposto no artigo 14 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO